

# Consumo de auga

Non importa quen sexamos, onde esteamos, ou o que fagamos, todos dependemos da auga. Necesítamola todos os días de moitas maneiras, para gozar de saúde, producir alimentos, na industria, para os animais e as plantas. Pero sabías que só o 0,5% da auga do noso planeta é apta para o consumo humano?

A pesar da importancia que ten a auga nas nosas vidas, cada vez respectámola menos, abusamos dela, desperdiciámola e contaminámola.

Para que teñas un dato, o consumo de auga en España é de 137 l/hab.-día , en Galicia 134 l/hab.-día e no concello de Lugo e de 110,38 l/hab.-día, cando a Organización Mundial da Saúde (OMS) considera que a cantidade adecuada de auga para consumo humano (beber, cociñar, hixiene persoal, limpeza do fogar) é de 50 l/hab-día. Depurar esta auga supón un gasto para todos nós de case 4 millóns de euros ó ano!.

Ademais, debemos ter en conta que o cambio climático causa índices de chuvia cada vez mais baixos, con consecuencias moi graves, entre elas o abastecemento de auga para as cidades. Nos últimos anos, o caudal do río Miño ao seu paso por Lugo chegou a acadar un nivel sete veces inferior ao rexistrado na mesma época noutros anos anteriores, polo que é necesario que todos comecemos a tomar medidas.

## **QUE PODEMOS FACER NÓS?**

Temos que coidar a auga con simples xestos no día a día, como o emprego de dispositivos para o seu aforro, controlar as súas perdas, non deixar a billa aberta mentres lavamos as mans, os dentes ou nos afeitamos, regar as nosas plantas e xardíns con medida. Se nos unimos ao cumprimento deste consellos de consumo eficiente de auga, cada persoa pode aforrar unha litros de auga ao ano.

Aforra auga, nun futuro próximo poderemos chegar a loitar por ela!



## Consumo de enerxía

Na actualidade a enerxía que usamos provén maioritariamente dos combustibles fósiles: petróleo, gas e carbón. Cada vez os seus prezos son maiores e estanse a esgotar as súas reservas naturais. Dependemos practicamente en exclusiva destes combustibles, e a súa queima ten efectos prexudiciais sobre a saúde humana e o medio ambiente. Isto lévanos a usar fontes de enerxía alternativas: as enerxías renovables.

Non só debemos empregar as fontes renovables, tamén debemos facer un uso responsable da enerxía.

### **COLABORA**

Os nosos fogares consumen o 30% da enerxía total, unha porcentaxe moi elevada. Se utilizamos equipos eficientes, por exemplo electrodomésticos con calificación enerxética A ou A+, podemos reducir o uso de enerxía entre o 50% e 75%.

A iluminación supón o 25% do gasto de enerxía das nosas casas, intenta ser o mais eficiente posible, por exemplo instalando lámpadas LED, porque duran moito e consumen moi pouco. Teñen unha duración aproximada de 70.000 horas, polo que poden chegar a durar 50 anos. Ademais as lámpadas LED non conteñen ningún elemento tóxico, o cal facilita a súa reciclaxe.

Estes pequenos xestos beneficiarán o medio ambiente e tamén a túa economía!



# Residuos

Algunha vez preguntácheste a onde vai todo o lixo que xeras, as consecuencias e o gasto do seu tratamento?

A produción de lixo está sendo un problema para todas as cidades, debido ao gran número de habitantes e a gran cantidade de residuos que xeramos. Na cidade de Lugo cada cidadán produce de media case 1kg de lixo ao día, que vai parar aos vertedoiros e incineradoras. O custe económico do tratamento destes residuos é de 2,6 millóns €/ano, sen contar o gasto da recollida e limpeza das rúas, pero co que se está reciclando podemos aforrar no custe un 16%, imaxínate canto poderíamos aforrar se todos fixeramos unha boa separación de residuos, que permitira reciclar todos os envases de vidro e o papel!.

## **Somos parte do problema!, Sexamos parte da solución!**

Con hábitos moi sinxelos na xestión dos residuos no teu fogar podes axudar a cambiar esta situación, poñendo en práctica as catro R: **Redución, reutilización, reciclaxe e recuperación.**

Por exemplo, reduce o uso de plástico empregando bolsas de tela ou evitando o consumo de alimentos Envasados. Lembra que os envases de refrescos, conservas, tetrabrik, ou desodorizantes deben ir o contedor amarelo. Os residuos que necesitan un tratamento axeitado como son os medicamentos pódelos depositar nos puntos de recollida nas farmacias, ou o aceite usado de cociña que debes depositalo nos puntos dispoñibles na cidade, porque un litro deste aceite pode contaminar ata 1000 litros de auga, é dicir, a cantidade media de auga que toma unha persoa durante un ano.

Recorda, se ti queres a cidade estará limpa e beneficiarás o medio ambiente!



# Cambio climático

Na actualidade os desastres meteorolóxicos multiplícanse, alcánzanse temperaturas récord en todo o mundo e estase a producir a maior extinción de especies coñecida dende os dinosauros.

Que está a acontecer? A resposta é o cambio climático.

A causa deste cambio climático acelerado débese a acción humana, que emite grandes cantidades de CO<sub>2</sub> á atmosfera, provocando graves efectos sobre o medio ambiente.

Sabías que Lugo rexistra o incremento mais alto da temperatura media anual en Galicia, cun ascenso de 0,32°C por decenio dende 1961. Este incremento dará lugar a grandes cambios no noso clima, na nosa economía e na nosa sociedade. Por exemplo, grandes períodos sen chuvias provocarán a diminución de auga dispoñible para os nosos cultivos e incrementarán os incendios forestais, ou tamén diminuírá a calidade do aire que afectará negativamente a nosa saúde. Polo tanto é necesario tomar medidas de redución e adaptación a estes cambios!

## **Que podemos facer para reducir as emisións de CO<sub>2</sub> na nosa cidade?**

Os medios de transporte supoñen a cuarta parte das emisións de efecto invernadoiro. Intenta desprazarte en transporte público, compartindo transporte privado ou en outros medios que utilicen enerxías renovables.

Tamén en bicicleta aproveitando o sistema de préstamo do concello, ou cando teñas que desprazarte traxectos curtos faino camiñando, evitarás buscar aparcamento e aforrarás tempo. Se conducimos 50 Km menos cada semana estaremos diminuíndo 450 Kg de CO<sub>2</sub> á atmosfera.

Aposta polo uso de enerxías renovables, por exemplo moitos edificios da cidade de nova construción e rehabilitados empregan a enerxía do sol para quentar a auga que consumes na túa vivenda, ademais de coidar o medio ambiente verás un gran aforro na túa factura.



## **Biodiversidade**



Que atopas esencial na túa vida? , O alimento? , A roupa?, Os medicamentos?...  
e conservar a biodiversidade? Atópalo importante?

Se che dicimos...

que máis do 90% do que comemos provén da natureza, que o 40% dos medicamentos tamén,  
e que grazas o traballo dos insectos que interveñen na polinización das plantas obtemos os froitos dos que  
nos alimentamos.

Practicamente todo o que nos rodea provén dos ecosistemas: madeira, fibras, resinas...

Os ecosistemas tamén nos proporcionan diversos servizos, como por exemplo os bosques purifican o noso aire,  
axudan a regular o clima do lugar, reciclan nutrientes; as bacterias depuran a auga coa que regamos os  
nossos alimentos e utilizamos para beber; as miñocas aproveitan a materia morta para fertilizar a terra que  
usaremos para as nosas plantacións, e moitos máis servizos que satisfán as nosas necesidades.

Estímase que o valor anual dos servizos dos ecosistemas é de **33 trillóns €**

Dúas veces maior co PIB mundial!

Agora atopas importante conservar a biodiversidade?

O futuro da túa Terra está nas túas mans!

Axuda a conservar a biodiversidade con prácticas moi sinxelas, como elixir produtos locais,  
non sobreexplotar os recursos naturais, non contaminar os nosos ríos, non introducir especies exóticas que  
afectan as especies propias do lugar, ou non destruír os hábitats con excesivas construcións de  
infraestruturas.